



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

“PASEN... PASEN y VEAN...”

Vigo, 26 de Xaneiro de 2010

O voltar de vacacións, en Montaxe atopámonos cunha enorme **Caixa Negra** pechada que nos tiña en vilo a todos.

O día 21 unha Representación dos Sindicatos, acudimos a apertura do candado que cunha cadea trincaba a entrada, quedando así inaugurado o interior do caixón que será visitado por todo o persoal.

Dentro atopámonos co froito do noso esforzo diario, un Picasso, e a ambos lados do coche dous maniquís que pretenden representar a traballadores de buzo.

Despois de 50 anos facendo coches, a nova Dirección recorre a un escapatista para facernos ver ós traballadores e traballadoras como debemos comportarnos esteticamente. Un dos bonecos de maneira esaxerada, é disfrazado como un mal *“rapeiro” (pantalón roto remangado, walkman colgado no peito, cascos..., o cigarro entre os dedos acompaña a un enorme anel..., un pelouro por reloxo..., a gorra revirada, e por suposto chaqueta desabotoada...)* vamos que non ten desperdicio. Fronte a este, o outro maniquí, que se nos fixamos, está tan adecentado... tan adecentado, que parece que nunca pegou un pau a auga. Ou sexa, para a **C.I.G.** ningún dos dous exemplos son representativos.

Pero máis alá desta opinión subxectiva, e querendo pensar que o fin desta “idea” é a mellora da calidade, e non un paso máis no adoutrinamento do persoal, a **C.I.G.** sorpréndelle que se escenifique desta maneira ós traballadores/as, e ademais a unha parte da plantilla.

Os coches facémolos todos, en consecuencia todos podemos mellorar. O curioso desta exposición e ver que os únicos “xulgados” son os que vestimos de funda, porque os nosos posibles defectos están a vista, ¿pero que sucede coa outra parte do persoal que viste de bata e tanto inflúen no estado de ánimo dos traballadores e traballadoras? Referímonos á Dirección, Cadros de Mando, os RFs, os RGs., RUs, A. Sector...incluso algún afeccionado a encargadillo metido a confidente.

¿Que lles parecería ós autores desta “obra”, que os dous maniquís representaran a a xerarquía de mando, no que un deles estaría con *mandilón aberto enardecido, cos brazos en alto, e semblante desencaixado, tomando deliberadamente decisións inxustas sobre os problemas que afectan ós traballadores/as?* E para darlle realismo, poder incluso escoitar algunhas das moitas frases que na memoria colectiva conservamos, como aquela...cando un compañeiro foi pedir traballo para un familiar, e o de Contratación respondeulle... *“que pena que tu hijo haya estudiado...”*.

¿Gustaríalles a directivos e xefes, que esta escena fora vista tamén polos traballadores/as de buzo, onde puidéramos “xulgar” os modos e prácticas de algúns deles, e as súas arbitrariedades?. ¿Gustaríalles..., inda que a súa caixa non fose negra?.

Confederación Intersindical Galega